19 de novembro de 2026

Suprimidos e desprazados. Primaria

Cando diminúen as necesidades de profesorado nun centro, parte do persoal pode perder o seu destino definitivo. Explicámosche quen se ve afectado, con que criterios e que obrigas e dereitos tes nos concursos.

Os postos de traballo nos centros de Educación Infantil e Primaria suprímense como consecuencia da modificación do catálogo. A supresión de unidades, normalmente provocada por unha baixada da matrícula, modifica o cadro de persoal do centro e determina as prazas afectadas.

Suprimido/a

Perde o destino definitivo no centro e ten que obter un novo nos concursos de traslados.

Desprazado/a por falta de horario

Perde o destino de forma provisional, pero **conserva o destino definitivo** no centro: se xorde unha praza, volve a ela de inmediato.

Criterios para a perda do destino definitivo

Dependen de se hai máis ou menos supresións que voluntarios/as.

	Se hai máis supresións que voluntarios/as	Se hai máis voluntarios/as que supresións
1	Menor antigüidade ininterrompida como definitivo no centro	Maior antigüidade ininterrompida como definitivo no centro
2	Menor tempo de servizos como funcionario/a de carreira do corpo de mestres	Maior tempo de servizos como funcionario/a de carreira do corpo de mestres
3	Ano máis recente de ingreso no corpo	Ano máis antigo de ingreso no corpo
4	Menos cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidade severa)	Máis cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidade severa)
5	Menor puntuación no procedemento selectivo de ingreso	Maior puntuación no procedemento selectivo de ingreso

Artigo 3 do Decreto 140/2006.

Que pasa nos concursos?

	Suprimidos/as	Desprazados/as
CADP (destinos provisionais)		
Prioridade e obriga	Teñen prioridade na adxudicación sobre os demais colectivos e están obrigados/as a participar exercendo o dereito preferente.	
Garantía	Como mínimo, unha praza de substituto/a de zona se non hai vacantes (art. 32 da Orde do 7/6/2018).	
Se non o exercen	Se quedan sen adxudicación, destino de oficio en calquera centro de Galicia (art. 19.a da Orde do 7/6/2018).	Destino de oficio na localidade ou zona do destino definitivo, preferentemente nas especialidades das que son titulares (art. 3.1.b da Orde do 7/6/2018).
CXT (concurso xeral de traslados)		
Participación	Obrigatoria en todos os concursos ata obter novo destino definitivo. Se non participan, destino de oficio.	Igual, pero con dereito preferente poden renunciar nas 4 primeiras convocatorias sen perdelo. Poden quedar eximidos/as segundo a planificación educativa (xubilacións, vacantes...).
Con dereito preferente	Deben pedir todos os centros da localidade e todas as especialidades das que sexan titulares. Voluntariamente, poden ampliar a petición a algunha ou a todas as localidades da zona educativa. Mentres non obteñan destino definitivo, terán destino provisional na localidade ou zona, sen límite de tempo.	
Sen dereito preferente	Teñen seis convocatorias para obter un novo destino definitivo. Despois, serán destinados/as de oficio.	

Antigüidade no novo centro

A antigüidade no novo centro é, a todos os efectos, a do centro de orixe onde se produciu a supresión ou o desprazamento: para determinar unha nova supresión, para a elección de horarios, etc. Tamén se toma como referencia a data de toma de posesión nese centro para puntuar a antigüidade no centro no concurso de traslados.

Referencias. Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes. Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal, modificado polo Real decreto 677/2024, do 16 de xullo. Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente.

Afíliate! É esencial.